



Actividades

Os signos de puntuación

1. Sinala, co número correspondente, a regra de uso da coma que se aplica nestas oracións.

<u>Oración</u>	<u>Regra</u>
Dixen que calásedes, rapaces.
Toda a miña familia, incluído meu pai, estaba de acordo.
Podes levar a miña cámara de fotos, mais ten moito coidado.
Eu quero ir a Lisboa; eles, a Barcelona.
Máis tarde, vou buscar o teu amigo.
Malpica de Bergantiños, 25 de outubro do 2005.
Votaron a favor Dinamarca, Holanda, Bélxica e Alemaña.

2. Pon as comas que faltan nestas oracións e indica, co número axeitado, a regra que aplicaches.

<u>Oración</u>	<u>Regra</u>
Fun ao médico á farmacia ao mercado e ao banco.
Xusto ás seis apareceu Xoán pola porta.
Ramón estuda no seu cuarto e Ana no salón.
Aquela carteira a que me mercaras ti moito me durou.
Comprei esa caixa de lapis moi barata: só custou 120 euros.
Oe Afonso podes axudarme con isto?
Ela come moito pero non engorda.

5. Tendo en conta o estudado sobre o uso da coma, introduce correctamente estes incisos ou aclaracións nas oracións que che propoñemos despois.

mércores	a obra mestra de Rosalía de Castro
a Cidade Eterna	a miña noiva
que pertenceu a John Lennon	o veciño do segundo

- A Marta gústalle moito o teatro.
.....
- Follas novas foi publicada en 1880.
.....
- O vindeiro día 12 inaugúrase o novo supermercado.
.....
- Xoán vai todos os días ao ximnasio.
.....
- Esa guitarra debe valer agora unha fortuna.
.....
- Roma é unha das capitais europeas máis fermosas.
.....

Os signos de puntuación



Actividades

10. Sinala, co número correspondente, a regra de uso do punto e coma que se aplica nestas oracións.

A tenda, deberías de sabelo, pecha ás oito en punto; terás que volver mañá.

....

No encontro destacaron tres xogadores: Xosé, que defendeu moi ben; Carlos, que marcou dous goles; e Lourenzo, que parou un penalti.

....

Eu xa che dixera que, se suspendías, irías a clases particulares; polo tanto, agora non protestes.

....

11. Escribe estes enunciados intercalando entre eles as conxuncións que che damos deseguido. Coida o uso do punto e coma e da coma.

daquela - en cambio - non obstante - polo tanto

- A miña irmá sempre é puntual - hoxe chegou tarde.

.....

- Quero que a festa sexa unha sorpresa - non comentedes nada.

.....

- A bicicleta que quero comprar é moi cara - xa podó ir aforrando.

.....

- Eu creo que tedes poucas posibilidades - non perdedes nada por intentalo.

.....

12. Indica, co número axeitado, a regra de uso dos dous puntos que se aplica nestas oracións.

Foi o xeneral romano Xulio César quen dixo: «cheguei, vin e vencín».

....

Ola Xoán:
Como che vai todo por Alemaña?

....

Naquela librería había de todo: libros, xornais, cómics...

....

A cama é cómoda: durmirei ben.

....

14. Sinala, co número conveniente, a regra de uso dos puntos suspensivos que se aplica nestes casos.

O rapaz entrou naquela escura estancia do castelo. Sentiu algo ás súas costas e era... Unha pantasma!

....

En palabras de Rosalía: «Adiós, ríos; adiós, fontes (...) non sei cando nos veremos».

....

Ela anoxouse e berroulle a Paulo: «parvo do c...!»

....

Coñezo varias capitais europeas: Londres, Lisboa, París...

....